SUBGRUPO A1-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

TEMA 1- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

1. De conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 39/2015, é obxecto desta (sinale a resposta incorrecta):
   a) Regular os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos.
   b) Regular o procedemento administrativo común a todas as administracións públicas, incluído o sancionador e o de reclamación de responsabilidade das administracións públicas.
   c) As bases do réxime xurídico das administracións públicas.

2. De conformidade co ámbito subxectivo previsto no artigo 2 da Lei 39/2015, a quen se aplica esta lei con carácter supletorio? (sinale a resposta incorrecta):
   a) Ás universidades públicas.
   b) Ás entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das administracións públicas, cando exerzan potestades administrativas.
   c) Ás corporacións de dereito público no exercicio das funcións públicas que lles fosen atribuídas.

3. O artigo 3 da Lei 39/2015 manifesta que, para os efectos previstos nesta lei, terán capacidade de obrar ante as administracións públicas:
   a) As persoas físicas ou xurídicas que teñan capacidade de obrar conforme ás normas administrativas.
   b) Os menores de idade para o exercicio e defensa daqueles dos seus dereitos e intereses cuxa actuación non estea permitida polo ordenamento xurídico sen a asistencia da persoa que exerza a patria potestade, tutela ou curatela.
   c) Os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos, cando a lei así o declare expresamente.

4. O artigo 5 da Lei 39/2015 establece que se presumirá a representación para:
   a) Formular solicitudes.
   b) Os actos e xestións de mero trámite.
   c) Presentar declaracións responsables ou comunicacións.

5. A Lei 39/2015, no seu artigo 5, prevé que deberá incorporar ao expediente administrativo a acreditación da condición de representante e dos poderes que ten recoñecidos nese momento:
   a) O órgano competente para a iniciación do procedemento.
   b) O órgano competente para a resolución do procedemento.
   c) O órgano competente para a tramitación do procedemento.

6. Respecto aos rexistros electrónicos de apoderamentos regulados no artigo 6 da Lei 39/2015 (sinale a resposta incorrecta):
   a) Neles non deberá constar a verificación realizada do poder.
   b) No ámbito estatal, este rexistro será o Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración Xeral do Estado.
   c) Cada organismo poderá dispoñer do seu propio rexistro electrónico de apoderamentos.

SUBGRUPO A1-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

7. De conformidade co artigo 6 da Lei 39/2015, serán interoperables cos rexistros electrónicos xerais e particulares de apoderamentos (sinale a resposta incorrecta):
   a) Os rexistros mercantís.
   b) Os rexistros civís
   c) Os rexistros da propiedade.

8. De acordo coa regulación prevista no artigo 6 da Lei 39/2015 (sinale a resposta correcta):
   a) Os poderes inscritos no rexistro terán unha validez determinada máxima de catro anos computables desde a data de inscrición.
   b) O apoderamento *apud acta* outorgarase unicamente mediante comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica a través dos sistemas de sinatura electrónica previstos nesta lei.
   c) Cada comunidade autónoma aprobará os modelos de poderes inscribibles no rexistro cando se circunscriba a actuacións ante a súa respectiva Administración.

9. O artigo 6 da Lei 39/2015 establece que os poderes inscritos no rexistro terán unha validez determinada e, en calquera momento antes da finalización do devandito prazo, o outorgante poderá revogar ou prorrogar o poder. As prórrogas concedidas polo outorgante do poder ao rexistro terán unha validez determinada:
   a) Máxima de 1 ano computable desde a data de inscrición.
   b) Máxima de 5 anos computables desde a data de inscrición.
   c) Máxima de 2 anos computables desde a data de inscrición.

10. De conformidade co artigo 7 da Lei 39/2015, cando nunha solicitude, escrito ou comunicación figuren varios interesados, as actuacións a que dean lugar efectuaranse:
   a) Co representante ou co interesado que expresamente sinalasen e, na súa falta, co que figure en primeiro termo.
   b) Co interesado que figure en primeiro termo e, na súa falta, co representante ou co interesado que expresamente sinalasen.
   c) Con todos eles, indistintamente e, na súa falta, co representante do interesado que expresamente sinalasen.

11. O artigo 9 da Lei 39/2015 establece que as administracións públicas están obrigadas a verificar a identidade dos interesados no procedemento administrativo, mediante a comprobación do seu nome e apelidos ou denominación ou razón social, segundo corresponda, que consten en:
   a) O rexistro civil.
   b) Os arquivos electrónicos da Administración.
   c) O documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente.

12. O artigo 9 da Lei 39/2015 indica que os interesados poderán identificarse electronicamente ante as administracións públicas a través de calquera sistema que conte cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade. En particular, serán (sinale a resposta incorrecta):
   a) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación".
   b) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación".

SUBGRUPO A1-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

c) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación".

13. O artigo 11 da Lei 39/2015 prevé que as administracións públicas só lles requirirán aos interesados o uso obrigatorio de sinatura para:
a) Renunciar a accións.
b) Realizar xestións de mero trámite.
c) Presentar comunicacións.

14. De conformidade co previsto no artigo 13 da Lei 39/2015, os que de conformidade co artigo 3 teñen capacidade de obrar ante as administracións públicas son titulares, nas súas relacións con elas, dos seguintes dereitos (sinale a resposta incorrecta):
a) Ao acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e no resto do ordenamento xurídico.
b) A ser asistidos no uso das linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.
c) A comunicarse coas administracións públicas a través dun punto de acceso xeral electrónico da Administración.

15. O artigo 14 da Lei 39/2015 prevé que o medio elixido pola persoa para comunicarse coas administracións públicas:
a) Poderá ser modificado por aquela en calquera momento.
b) Poderá ser modificado con anterioridade ao trámite de audiencia.
c) Non poderá ser modificado unilateralmente polo interesado.

16. De acordo coa dicción do artigo 14 da Lei 39/2015, en todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos (sinale a resposta incorrecta):
a) As persoas xurídicas.
b) Os que exerzan unha actividade profesional para a que non se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da devandita actividade profesional.
c) Os empregados das administracións públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que determine regulamentariamente cada Administración.

17. O artigo 15 da Lei 39/2015 establece que, se concorreren varios interesados no procedemento e existise discrepancia en canto á lingua:
a) O procedemento tramitarase en castelán, aínda que os documentos ou testemuños que requiran os interesados se expedirán na lingua elixida por eles.
b) O procedemento tramitarase na lingua elixida por eles, aínda que os documentos ou testemuños que requiran os interesados se expedirán en castelán.
c) Tanto o procedemento coma os documentos ou testemuños que requiran os interesados expediranse na lingua elixida por eles.

SUBGRUPO A1-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

18. De conformidade coa regulación do artigo 15 da Lei 39/2015, nos procedementos tramitados polas administracións das comunidades autónomas e das entidades locais, o uso da lingua axustarase ao previsto en:
   a) A lexislación autonómica correspondente ou, na súa falta, na presente lei.
   b) A presente lei ou, na súa falta, na lexislación autonómica correspondente.
   c) A lexislación autonómica correspondente.

19. Tendo en conta a regulación contida no artigo 16 da Lei 39/2015, sinale a resposta incorrecta:
   a) Poderase anotar no Rexistro Electrónico Xeral a saída dos documentos oficiais dirixidos a outros órganos ou particulares.
   b) Os organismos públicos vinculados ou dependentes de cada Administración poderán dispoñer do seu propio rexistro electrónico.
   c) Os rexistros electrónicos de cada organismo funcionarán con autonomía e non necesitarán estar conectados ao Rexistro Electrónico Xeral de cada Administración.

20. O artigo 16 da Lei 39/2015 establece que as disposicións de creación dos rexistros electrónicos se publicarán:
   a) Simultaneamente no diario oficial correspondente e na sede electrónica de acceso ao rexistro.
   b) Na sede electrónica de acceso ao rexistro e o seu texto íntegro deberá estar dispoñible para a súa consulta no diario oficial correspondente.
   c) No diario oficial correspondente e o seu texto íntegro deberá estar dispoñible para a súa consulta na sede electrónica de acceso ao rexistro.

21. Ao referirse ao arquivo de documentos, o artigo 17 da Lei 39/2015 prevé que:
   a) Cada Administración deberá manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos finalizados, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.
   b) Cada Administración deberá manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos en tramitación, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.
   c) Cada Administración poderá manter arquivos electrónicos para todos e cada un dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos en tramitación ou finalizados, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.

22. O artigo 17 da Lei 39/2015, ao referirse á conservación dos documentos electrónicos, establece que se fará nun formato que (sinale a resposta incorrecta):
   a) Permita garantir a autenticidade do documento.
   b) Permita garantir a integridade e a conservación do documento ata un máximo de 50 anos.
   c) Permita garantir a consulta do documento, con independencia do tempo transcorrido desde a súa emisión.

23. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 39/2015, a eliminación dos documentos electrónicos:
   a) Deberá ser autorizada de acordo co disposto na normativa aplicable.
   b) Non será posible en ningún caso.
   c) Farase de oficio unha vez transcorridos 20 anos desde a súa emisión ou mediante requirimento xudicial.

SUBGRUPO A1-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

24. O artigo 18 da Lei 39/2015 dispón que os interesados nun procedemento que coñezan datos que permitan identificar a outros interesados que non comparecesen nel:

a) Teñen o deber de proporcionarllos á Administración actuante só se esta os solicita.
b) Non están obrigados a proporcionarllos á Administración actuante, por tratarse de actos persoalísimos.
c) Teñen o deber de proporcionarllos á Administración actuante.

25. Ao referirse á comparecencia das persoas, o artigo 19 da Lei 39/2015 dispón que, nos casos en que esta proceda, a correspondente citación fará constar expresamente (sinale a resposta incorrecta):

a) O lugar, a data e a hora.
b) Os medios dispoñibles e o obxecto da comparecencia.
c) Os efectos de atendela.

26. Ao regular a responsabilidade da tramitación, o artigo 20 da Lei 39/2015 prevé que serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou atrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados ou o respecto aos seus intereses lexítimos:

a) Os titulares das direccións xerais e o persoal ao seu servizo que tivesen ao seu cargo a resolución ou o despacho dos asuntos.
b) Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao servizo das administracións públicas que tivesen ao seu cargo a resolución ou o despacho dos asuntos.
c) Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao servizo das administracións públicas que tivesen ao seu cargo a tramitación ou o impulso dos asuntos.

27. De conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala:

a) En todos os procedementos iniciados a instancia de parte.
b) En todos os procedementos, salvo os casos de prescrición e renuncia do dereito.
c) En todos os procedementos, calquera que sexa a súa forma de iniciación.

28. O artigo 21 da Lei 39/2015 establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables nos casos de:

a) Desaparición sobrevida do obxecto do procedemento.
b) Terminación do procedemento por pacto ou convenio.
c) Procedementos relativos ao exercicio de dereitos sometidos unicamente ao deber de declaración responsable ou comunicación á Administración.

29. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será, de conformidade co artigo 21 da Lei 39/2015:

a) O fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder de tres meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.
b) De seis meses, cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo.
c) O fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder de seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.

SUBGRUPO A1-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

30. O artigo 21 da Lei 39/2015 dispón que o prazo para notificar a resolución expresa nos procedementos iniciados de oficio se contará:

a) Desde a data do acordo de iniciación.
b) Desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente para a súa tramitación.
c) Desde o día seguinte á data do acordo de iniciación.

31. Segundo o artigo 22 da Lei 39/2015, o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución poderase suspender:

a) Cando se soliciten informes preceptivos a un órgano da mesma ou distinta Administración. Este prazo de suspensión non poderá exceder en ningún caso de tres meses. En caso de non recibirse o informe no prazo indicado, caducará o procedemento.
b) Cando se soliciten informes preceptivos a un órgano da mesma ou distinta Administración. Este prazo de suspensión non poderá exceder en ningún caso de tres meses. En caso de non recibirse o informe no prazo indicado, proseguirá o procedemento.
c) Cando se soliciten informes facultativos a un órgano da mesma Administración. Este prazo de suspensión non poderá exceder en ningún caso de tres meses. En caso de non recibirse o informe no prazo indicado, proseguirá o procedemento.

32. Ao regular a ampliación de prazos, o artigo 23 da Lei 39/2015 establece que contra o acordo que resolva sobre esta cuestión, que deberá ser notificado aos interesados:

a) Pode interpoñerse recurso de alzada.
b) Pode interpoñerse recurso potestativo de reposición.
c) Non cabe recurso ningún.

33. De conformidade co indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, sen prexuízo da resolución que a Administración debe ditar na forma prevista no apartado 3 deste artigo, o vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa:

a) Lexitima o interesado ou interesados para entendela desestimada por silencio administrativo, excepto nos supostos nos que unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.
b) Lexitima o interesado ou interesados para entendela estimada por silencio administrativo, excepto nos supostos nos que unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.
c) Lexitima o interesado ou interesados para entendela estimada por silencio administrativo, mesmo aínda cando unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.

34. O artigo 24 da Lei 39/2015 prevé que, cando o procedemento teña por obxecto o acceso a actividades ou o seu exercicio, a lei que dispoña o carácter desestimatorio do silencio:

a) Deberá fundarse na concorrencia de razóns imperiosas de interese xeral.
b) Deberá fundarse na concorrencia de razóns imperiosas de orde pública.
c) A lei establece que nestes casos o silencio será sempre estimatorio.

35. De conformidade co artigo 24 da Lei 39/2015, o silencio terá efecto desestimatorio nos procedementos (sinale a opción incorrecta):

a) Relativos ao exercicio do dereito de petición.

b) Que impliquen o exercicio de actividades que poidan danar o medio ambiente.
c) De responsabilidade civil das administracións públicas.

36. O certificado acreditativo do silencio producido, regulado no artigo 24 da Lei 39/2015, expedirase de oficio polo órgano competente para resolver no prazo de:
a) Dez días desde que expire o prazo máximo para resolver o procedemento.
b) Quince días desde que expire o prazo máximo para resolver o procedemento.
c) Vinte días desde que expire o prazo máximo para resolver o procedemento.

37. O artigo 25 da Lei 39/2015 prevé que, nos procedementos iniciados de oficio, o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa non exime a Administración do cumprimento da obrigación legal de resolver, e:
a) No caso de procedementos dos que puidese derivarse o recoñecemento ou, se é o caso, a constitución de dereitos ou outras situacións xurídicas favorables, producirase a caducidade.
b) Nos procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras, poderanse entender desestimadas as pretensións por silencio administrativo.
c) Nos supostos nos que o procedemento se paralizase por causa imputable ao interesado, interromperase o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

38. O artigo 27 da Lei 39/2015 indica que as copias auténticas de documentos privados:
a) Non existen copias auténticas de documentos privados, só dos documentos públicos.
b) Producen unicamente efectos administrativos. As copias auténticas realizadas por unha Administración pública terán validez nas restantes administracións.
c) Producen efectos administrativos. As copias auténticas realizadas por unha Administración pública só terán validez nesa Administración.

39. Os interesados deberán achegar ao procedemento administrativo os datos e documentos esixidos polas administracións públicas, de acordo co disposto na normativa aplicable. A este respecto, o artigo 28 da Lei 39/2015 prevé que:
a) Os interesados teñen dereito a non achegar documentos que xa estean en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración.
b) Presumirase que a consulta ou a obtención é rexeitada polos interesados, salvo que conste no procedemento a súa autorización expresa.
c) Cando se trate de informes preceptivos xa elaborados por un órgano administrativo distinto ao que tramita o procedemento, estes deberán ser remitidos no prazo de quince días computables desde a súa solicitude.

40. O artigo 30 da Lei 39/2015, en materia de cómputo de prazos, establece que:
a) Salvo que por lei ou no dereito da Unión Europea se dispoña outro cómputo, cando os prazos se sinalen por horas, enténdese que estas son hábiles.
b) Sempre que por lei ou no dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son hábiles, e exclúense do cómputo unicamente os domingos e os declarados festivos.
c) Os prazos expresados en días contaranse desde o día en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.

41. De conformidade co artigo 30 da Lei 39/2015, os prazos expresados por horas:

a) Contaranse de hora en hora e de minuto en minuto desde a hora e o minuto en que teña lugar a realización do acto de que se trate.
b) Contaranse de hora en hora e de minuto en minuto desde a hora e o minuto en que teña lugar a notificación ou a publicación do acto de que se trate.
c) Contaranse de hora en hora desde a hora en que teña lugar a publicación do acto de que se trate.

42. Sinale a resposta correcta de acordo co previsto no artigo 30 da Lei 39/2015:
a) Se no mes de vencemento non houbese día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o primeiro día do mes seguinte.
b) Cando os prazos se sinalasen por días naturais por declaralo así unha lei ou polo dereito da Unión Europea, farase constar esta circunstancia nas correspondentes notificacións.
c) Cando un día fose hábil no municipio ou comunidade autónoma en que residise o interesado e inhábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa, considerarase hábil en todo caso.

43. O artigo 31 da Lei 39/2015 relativo ao cómputo de prazos nos rexistros prevé, respecto ao funcionamento do rexistro electrónico:
a) Permitirá a presentación de documentos todos os días hábiles do ano entre as 8 e as 22 horas.
b) Permitirá a presentación de documentos todos os días do ano durante as 24 horas.
c) Permitirá a presentación de documentos todos os días hábiles do ano durante as 24 horas.

44. De conformidade coas previsións contidas no artigo 32.1 da Lei 39/2015, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros, a Administración, salvo precepto en contrario:
a) Poderá conceder unha ampliación dos prazos establecidos que non exceda unha terceira parte destes, a petición dos interesados.
b) Poderá conceder, unicamente de oficio, unha ampliación dos prazos establecidos que non exceda a metade destes a petición dos interesados.
c) Poderá conceder de oficio ou previa solicitude dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non supere a metade de o mesmo, se as circunstancias o aconsellan e isto non prexudica os dereitos de terceiro

45. O artigo 35 da Lei 39/2015 establece que serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito (sinale a opción incorrecta):
a) Os actos que se diten de conformidade co ditame de órganos consultivos.
b) Os acordos de realización de actuacións complementarias.
c) Os actos que se diten no exercicio de potestades discrecionais.

46. Os actos administrativos, de conformidade co artigo 36 da Lei 39/2015, a menos que a súa natureza esixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia, produciranse:
a) Por escrito, a través de medios non electrónicos.
b) Por escrito, a través de medios electrónicos.

c) Por escrito, a través de medios electrónicos ou non electrónicos indistintamente.

47. Dentro da regulación da eficacia dos actos, o artigo 37 da Lei 39/2015 dispón que:
a) As resolucións administrativas de carácter xeral non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter particular, salvo que aquelas procedan dun órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral.
b) As resolucións administrativas de carácter particular non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral, salvo que aquelas procedan dun órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral.
c) As resolucións administrativas de carácter particular non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral, aínda que aquelas procedan dun órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral.

48. Ao falar dos efectos dos actos, o artigo 39 da Lei 39/2015 dispón que:
a) Excepcionalmente, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados.
b) Excepcionalmente, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos nulos de pleno dereito.
c) Como regra xeral, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados.

49. De conformidade co previsto no artigo 42 da Lei 39/2015, sinale a resposta incorrecta:
a) Todas as notificacións que se practiquen en papel deberán ser postas á disposición do interesado na sede electrónica da Administración ou organismo actuante para que poida acceder ao contido delas de forma voluntaria.
b) Cando a notificación se practique no domicilio do interesado, de non encontrarse presente este no momento de entregarse a notificación, poderá facerse cargo desta calquera persoa menor de catorce anos que se atope no domicilio e faga constar a súa identidade.
c) Se ninguén se fixese cargo da notificación, farase constar esta circunstancia no expediente, xunto co día e a hora en que se tentou a notificación, intento que se repetirá por unha soa vez e nunha hora distinta dentro dos tres días seguintes.

50. O artigo 47 da Lei 39/2015 dispón que os actos das administracións públicas son nulos de pleno dereito nos casos seguintes:
a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da xerarquía ou do territorio.
c) Os que sexan constitutivos de infracción administrativa ou se diten como consecuencia desta.

51. De acordo coa dicción do artigo 48 da Lei 39/2015:
a) Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, salvo a desviación de poder.
b) Non obstante, o defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados.
c) A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas implicará, en todo caso, a nulidade do acto.